



# BOP

JUEVES, 2 DE MARZO DE 2017

Nº 050

## DIPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org  
www.deputacionlugo.org

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo  
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

### EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

#### SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO. UNIDADE DE OBRAS E PLANS

##### Anuncio

#### CÓMPUTO DE NOVO PLAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSTAS POR CORRECIÓN DE ERRO EN PCAP

Aprobado pola Xunta de Goberno da Excma. Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria do día 24 de febreiro de 2017 a proposta relativa á rectificación de erro detectado no prego de cláusulas administrativas que rexerán a contratación da obra **NEGUEIRA DE MUÑIZ.- REPARACIÓN DE OBRA DE DRENAXE TRANSVERSAL NO RIO CIMA DA PASADA. (EX001OB17AB)**, o que conleva o cómputo dun novo prazo de presentación de propostas.

#### 1. ENTIDADE ADXUDICADORA:

- a) Organismo: Deputación Provincial de Lugo.
- b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación e Fomento.
- c) Nº de expediente: EX001OB17AB
- d) Domicilio: San Marcos 8. -27001 Lugo
- e) Teléfono: 982260080/982260024.
- f) Correo electrónico: contratacion@deputacionlugo.org.
- g) Dirección de Internet de perfil de contratante: <http://www.deputacionlugo.org/>.

#### 2. OBXECTO DO CONTRATO:

- a) Tipo de contrato: Obras.
- b) Obxecto: A execución das obras sinaladas ao comezo do anuncio.
- c) Prazo de execución: O sinalado para cada obra ao comezo do anuncio

#### 3. TRAMITACIÓN E PROCEDEMENTO:

- a) Tramitación: Ordinaria.
- b) Procedemento: Aberto.
- c) Criterios de adxudicación (Ver prego de cláusulas administrativas)

#### 4. ORZAMENTO DA LICITACIÓN:

Importe: 63.422,18 € ao que deberá engadirse 13.318,66 € euros. I V E ( 21%).

Importe total: 76.740,84 euros.

#### 5. GARANTÍAS ESIXIDAS

- a) Provisional: Non se esixe.
- b) Definitiva: 5%.

#### 6. REQUISITOS ESPECÍFICOS DO CONTRATISTA:

- a) Clasificación: non se esixe.
- b) Acreditación solvencia económica e financeira, ben a través da acreditación dunha clasificación axeitada ao obxecto do contrato, ou a través dos criterios, requisitos mínimos e medios de acreditación establecidos no RD 773/2015 de 28 de agosto, polo que se modifica o artigo 11 do Regulamento xeral da LCAP. ( Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, cláusula 4.2)

c) Outros requisitos: Ver Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas.

#### 7. PRESENTACIÓN DE OFERTAS:

- a) Data límite de presentación: 26 días naturais contados dende o seguinte a publicación do presente anuncio de corrección de erro no B.O.P.
- b) Documentación a presentar: A sinalada no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de prescricións técnicas.
- c) Lugar de presentación: A presentación poderá realizarse persoalmente no rexistro da Deputación, ou ben mediante envío por mensaxería ou ben en calquera das dependencias administrativas recollidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas dentro do prazo sinalado.
- d) No caso de envío por correo ou entrega en calquera das dependencias recollidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo, o interesado deberá acreditar, co resguardo correspondente, a data de imposición do envío e comunicar no mesmo día ao órgano de contratación, por fax (982 260186), télex ou telegrama, a remisión da proposición. Sen a concorrencia de ambos os dous requisitos non será admitida a proposición no caso que fose recibida fora do prazo fixado no anuncio de licitación. ( ver punto 1º)
- e) Admisión de variantes: NON
- f) Idioma: Castelán e Galego

#### 8. CRITERIOS DE ADXUDICACION E PUNTUACION (VER DETALLES NO PREGO DE CAP)

CRITERIOS	PONDERACION
1) Prezo	95
2) Plan de comunicación da obra	5

#### 9. APERTURA OFERTAS

- a) Dirección: Deputación Provincial de Lugo. Rúa San Marcos, 8.- 27001
- b) Data: Publicarase a convocatoria na Plataforma de Contratación do sector público.

#### 10. GASTOS DE ANUNCIOS:

- a) Por conta do adxudicatario.

#### 11. OBTENCIÓN DOCUMENTACIÓN E INFORMACIÓN.

- a) Entidade e domicilio: Ver punto 1º
- b) Plataforma de Contratación do sector público
- c) Teléfono: 982 260080 -24
- d) Fax: 982 260186

#### 12. MODIFICACIÓN NO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS: Na cláusula cuarta, do prego de cláusulas administrativas, denominada " capacidade para contratar", no apartado 4.2.2; onde di:

*"4.2.2.- A solvencia técnica e profesional.*

*Poderá acreditarse de conformidade co art.77 do TRLCSP e co Real Decreto 773/2015, do 28 de agosto, polo que se modifican determinados preceptos do RXLC polos seguintes medios (ambos):*

- a) *Unha relación dos principais traballos realizados no últimos cinco anos, do mesmo tipo ou natureza a que corresponde o obxecto do contrato, que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado, dos mesmos. Os traballos efectuados acreditaranse mediante certificados de boa execución expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente. O requisito mínimo será que o importe anual acumulado no ano de maior execución sexa igual ou superior a 44.395,53 euros.*
- b) *Descrición das instalacións técnicas, das medidas empregadas para garantir a calidade e dos medios de estudo e investigación da empresa.*
- c) *Certificados expedidos polos institutos ou servizos oficiais encargados do control de calidade, de competencia recoñecida, que acrediten a conformidade de produtos perfectamente detallada mediante referencias a determinadas especificacións ou normas.*

**Diga:**

## 4.2.2.-A solvencia técnica e profesional.

Poderá acreditarse de conformidade co art.76 do TRLCSP e demais normativa concordante, por algún ou varios dos seguintes medios:

- a) Relación de obras executadas no curso dos dez últimos anos, avalada por certificado de boa execución para as obras mais importantes; estes certificados indicarán o importe, as datas e o lugar de execución das obras e precisarán se se realizaron segundo as regras polas que se rexe a profesión e se levaron normalmente a bo termino, no seu caso, ditos certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente.

A estes efectos, as obras executadas por unha sociedade estranxeira filial do contratista de obras terán a mesma consideración que as directamente executadas polo propio contratista, sempre que este último ostente directa ou indirectamente o control de aquela nos termos establecidos no artigo 42 do Código de Comercio. Cando se trate de obras executadas por unha sociedade estranxeira participada polo contratista sen que se cumpra dita condición, so se recoñecerá como experiencia atribuíble ao contratista a obra executada pola sociedade participada na proporción da participación de aquel no capital social de esta.

O requisito mínimo será que o importe anual acumulado no ano de maior execución sexa igual ou superior a 59.980,00 euros.

- b) Declaración indicando os técnicos ou as unidades técnicas, estean ou non integrados na empresa, dos que se dispoña para a execución das obras, especialmente os responsables do control de calidade, acompañada dos documentos acreditativos correspondentes.
- c) Títulos académicos e profesionais do empresario e dos directivos da empresa e, en particular, do responsable ou responsables das obras.

En Lugo, 24 de febreiro de 2017. O PRESIDENTE. Darío Campos Conde. O Secretario, Manuel Castiñeira Castiñeira.

R. 0564

---

*Anuncio***INFORMACION PUBLICA**

Polo órgano competente desta Deputación foron tomados en consideración os proxectos das obras:

SOBER.- ACONDICIONAMENTO DA ESTRADA LU-P-59003 "DE SOBER A DOADE", P.K. 8+260 - 10+720 (EX 025 OB 16 AB).

En cumprimento do que se dispón no art. 93 do T.R.R.L aprobado por R.D.L. 781/86, ábrese un período de información pública para os efectos de alegacións, reclamacións ou suxestións por parte de persoas ou entidades lexitimadas, por espazo de 15 días hábiles contados a partir do seguinte á publicación deste edicto.

Palacio Provincial de Lugo a 24 de febreiro de 2017. O PRESIDENTE, Darío Campos Conde. O SECRETARIO, Manuel Castiñeira Castiñeira. " O PRESIDENTE, Darío Campos Conde"

R. 0565

---

**CONCELLOS****BALEIRA***Anuncio*

A Xunta de Goberno Local do Concello de Baleira, na sesión extraordinaria do vinteseite de febreiro do dous mil dezasete acordou aproba-la seguinte modificación das bases aprobadas na sesión extraordinaria do 21 de febreiro do 2017 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do 24 de febreiro do 2017:

O apartado 8. 2 das bases, referido á fase de concurso , quedaría redactado segundo o seguinte teor literal:

"8.2 FASE: CONCURSO DE MÉRITOS (NON ELIMINATORIO): A puntuación máxima total do concurso establécese en 6,5 puntos e será o resultado de sumar os méritos que se enumeran nos seguintes apartados cos límites que se sinalan para cada un deles.

Deberá estarse en posesión dos méritos alegados, como máximo, na data de expiración do prazo concedido para a presentación de instancias. O Tribunal, en ningún caso, poderá valorar o non achegado e probado polos e

polas aspirantes na documentación aportada coa instancia de solicitude, sen que sexa admisible a concesión de prazo ningún para enmendas ou subsanacións con posterioridade ao día de remate do prazo de presentación daquela. O tribunal valorará os méritos alegados e xustificadas documentalmente polos aspirantes conforme ao seguinte baremo:

a) Experiencia profesional. Máximo 4,50 puntos. -

Por ter prestados servizos en calquera das Administracións Públicas en postos de traballo iguais aos que se convocan, cada mes completo 0,10 puntos . -

Por ter prestados servizos en empresas privadas en postos de traballo iguais aos que se convocan, cada mes completo 0,05 puntos .

Os servizos prestados por tempo inferior a un mes prorrataranse proporcionalmente e consideraranse os meses de 30 días naturais. A puntuación reducirase proporcionalmente nos prestados a tempo parcial. Para acreditar os méritos sinalados neste apartado haberá de achegarse copia compulsada dos contratos de traballo (ou certificado de servizos no caso de que se prestaran na Administración Pública e que quede acreditado de forma clara e expresa a ocupación e período traballado) e do informe de vida laboral actualizado proporcionado pola Tesourería Xeral da Seguridade Social. Os servizos prestados que a xuízo do Tribunal non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións propias do posto de

traballo obxecto da presente convocatoria non serán puntuados.

b) Formación profesional : Máximo 0,50 puntos .

Valoraránse os cursos de formación e perfeccionamiento , expedidos ou homologados por organismos oficiais, directamente relacionados coas funcións propias do posto convocado , acreditados con certificación ou diploma , coa seguinte puntuación:

.Ata 20 horas de duración :0,10 puntos.

. De 21 ou máis horas de duración: 0,20 puntos.

c) Colectivos con dificultades de integración laboral. Máximo 1,50 puntos. Dacordo co establecido na cláusula sétima do convenio asinado coa Excm. Deputación Provincial, se primará favorecer aos colectivos con dificultades de integración laboral tales como:

-mulleres: 0,25 puntos.

-maiores de 45 anos: 0,25 puntos.

-parados de longa duración: 0,25 puntos. Considérase parado de longa duración estar inscrito ininterrompidamente na oficina de emprego como demandante de emprego durante 12 ou máis meses.

-persoas con discapacidade: 0,25 puntos.

-persoas vítimas de violencia de xénero: 0,25 puntos.

- outros recollidos na normativa sectorial vixente a xuízo do tribunal: 0,25 puntos.”

O resto das bases seguen a ser aplicables tal como se publicaron no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do 24 de febreiro do 2017.

O prazo de presentación de solicitudes comezará a computarse a partir da publicación da rectificación das bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Baleira, 27 de febreiro do 2017.- O Alcalde, Ángel Enrique Martínez-Puga López.

R. 0566

---

## BEGONTE

### *Anuncio*

#### **Información pública**

Habéndose aprobado por resolución da alcaldía de data dezasete de febreiro de dous mil dezasete os padrós que a continuación se relacionan, e expóñense o público polo prazo de quince días hábiles contados dende o seguinte ó da publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

- Taxa por abastecemento de auga e ive sobre o seu consumo, correspondente ó cuarto trimestre do ano dous mil dezaseis.
- Taxa por recollida de lixo correspondente ó cuarto trimestre do ano dous mil dezaseis.
- Taxa pola rede de sumidoiro correspondente ó cuarto trimestre do ano dous mil dezaseis.

- Taxa canón de auga da Xunta de Galicia correspondente ó cuarto trimestre do ano dous mil dezaseis.
- Taxa de autoconsumos de auga correspondente ó cuarto trimestre do ano dous mil dezaseis.

Recurso: Contra o acordo da aprobación do padrón poderá interperse recurso de reposición.

Prazo de presentación do recurso: Un mes contado dende o día inmediato seguinte ó do término do período de exposición ó público do padrón.

Órgano ante o que se recorre: Sr. Alcalde-presidente do Concello de Begonte.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formulen poderán interperse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

#### **ANUNCIO DE COBRANZA**

Para o cobro dos mesmos, os recibos seranlles cargados nas contas bancarias respectivas, e fíxase como período de cobro voluntario o prazo de dous meses, contados a partir do período de exposición pública. Finalizado o exercicio pasarase o seu cobro pola vía de constrinximento, cos recargos previstos no artigo 28 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Lei Xeral Tributaria, a través de Servicio Provincial de Recadación da Excma. Deputación Provincial de Lugo.

A falta de pagamento do canón da auga da Xunta de Galicia no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canón da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ó público dos padrós e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva, ó amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Begonte, 17 de febreiro de 2017.- O ALCALDE, José Ulla Rocha

R. 0543

---

### **CASTROVERDE**

#### *Anuncio*

Aprobadas pola Xunta de Goberno Local na sesión que tivo lugar o día 15 de febreiro de 2017, as bases específicas para a concesión de subvencións para a realización de obras e actividades culturais e deportivas por parte de comunidades, agrupacións ou asociacións do Concello de Castroverde, faise público que o prazo de presentación de solicitudes será de corenta días naturais seguintes á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Igualmente faise público que a documentación atópase a disposición dos interesados nestas oficinas municipais e na páxina web do Concello.

Castroverde, a 21 de febreiro de 2017.- O ALCALDE, Xosé María Arias Fernández

R. 0541

---

#### *Anuncio*

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 15 de febreiro de 2017 prestouse aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de xaneiro de 2017, e expónse ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Castroverde, a 21 de febreiro de 2017.- O ALCALDE, Xosé María Arias Fernández

R. 0542

---

## LÁNCARA

### *Anuncio*

#### **Información pública**

Por decreto de 10 de febrero de 2017, aprobouse o Padrón de sumministración de auga e IVA s/seu consumo, recollida de lixo, sumidoiros, aluguer de contador e canon autonómico de auga correspondente ao 4º trimestre de 2016.

O importe total do padrón ascende a 52,994,67 €, sendo o período voluntario de cobro desde o 20/02/2017 ata o 29/05/2017 ámbolos dous inclusive, de conformidade co previsto nos arts. 12 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e 62.3 da Lei xeral tributaria.

O que se expón ao público na Casa do Concello, durante o prazo de quince días hábiles, a contar dende o seguinte, tamén hábil, da publicación deste Edicto no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que dictou o acto no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do prazo de exposición ó público do padrón. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria.

A Pobra de San Xiao, 17 de febrero de 2017.- O alcalde, Darío A. Piñeiro López

R. 0544

## MONFORTE DE LEMOS

### *Anuncio*

#### **APROBACION PADRÓNS TAXA POLO ABASTACEMENTO DE AUGA , TAXA REDE DE SUMIDOIROS e canon auga xaneiro-febreiro 2017 E ANUNCIO DE COBRANZA**

Por Xunta de Goberno Local do día 20 de febreiro de 2017 aprobáronse os padróns da Taxa polo abastecemento de auga, a Taxa de rede sumidoiros e Canon de auga do primeiro bimestre 2017 (xaneiro-febreiro)

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, notificanse colectivamente os recibos derivados destes padróns

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, exporase ao público nun prazo de 20 días, a contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación dos padróns da Taxa polo abastecemento de auga e Taxa pola Rede sumidoiros e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública do padrón.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso -administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co artigo 49.7 do Decreto 136/2012 de 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertedura a sistemas públicos de depuración de augas residuais a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico -administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende se entenda producida a notificación

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria , fíxase como prazo de pago en período voluntario, dende o día o 2 de marzo ata o 2 de maio de 2017

De acordo co artigo 24 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, ponse en coñecemento, que no período de pago en voluntario sinalado no parágrafo anterior, os contribuíntes que non teñan domiciliados os recibos poderán facer o pago dos mesmos mediante :

Ingreso en efectivo en calquera oficina de A Banca ou Banco Sabadell en horario de atención ao público

A través de caixeiros automáticos nas devanditas entidades financeiras

A través da páxina web do Concello [www.monfortedemos.es](http://www.monfortedemos.es)

Advertítese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse os correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan

A falta de pagamento en período voluntario do canon suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia

Monforte de Lemos, 20 de febreiro de 2017.- O Alcalde, José Tomé Roca

R. 0531

---

## MURAS

### *Anuncio*

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación o orzamento xeral para o exercicio económico de 2017, e o cadro de persoal coa relación de postos de traballo para dito exercicio, no cumprimento do disposto no artigo 169.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e disposicións concordantes, expónse ó público na Secretaria deste Concello, polo prazo de quince días hábiles a contar dende o seguinte ó da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que durante dito prazo os interesados poidan proceder o seu exame e formular as reclamacións que se consideren pertinentes, as cales serán dirixidas ao Sr. Alcalde-Presidente desta Corporación.

No suposto de non presentarse reclamacións no devandito prazo, o orzamento para o exercicio 2017 entenderase definitivamente aprobado, de acordo co disposto no artigo 20.1 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, e artigo 169.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Muras, 24 de febreiro de 2017.- O Alcalde, Manuel Requeijo Arnejo.

R. 0547

---

## RIBADEO

### *Anuncio*

De conformidade coa Resolución de Alcaldía de data 22/02/2017 por medio do presente anuncio efectúase convocatoria do procedemento aberto, oferta economicamente máis vantaxosa, para a adxudicación do contrato de obras relativo a **ACONDICIONAMENTO E ADAPTACIÓN DAS INSTALACIÓNS NO AUDITORIO HERNÁN NAVAL DE RIBADEO** conforme aos seguintes datos:

#### **1. Entidade adxudicadora:** CONCELLO DE RIBADEO

A) Dependencia que tramita o expediente. SECRETARIA

Obtención de documentación e información:

- 1) Dependencia. Negociado de Contratación
- 2) Domicilio. Praza de España, 1
- 3) Localidade e código postal: Ribadeo 27700
- 4) Teléfono. 982 128650
- 5) Telefax. 982 130975
- 6) Correo electrónico. [contratacion@ribadeo.org](mailto:contratacion@ribadeo.org)
- 7) Enderezo de Internet do perfil do contratante. <http://ribadeo.sedelectronica.gal/contractor-profile-list>

#### **2. Obxecto do Contrato**

Contrato de servizos, procedemento aberto, único criterio de adxudicación ao prezo máis baix

Lugar de execución/entrega: Ribadeo

- 1) Domicilio. Praza de España, 1
- 2) Localidade e código postal. Ribadeo, 27700.

**3. Valor estimado do contrato:** 112.076,75 euros e de 23.536,11 euros de IVE isto é un total de 135.612,86 €.

**4. Garantías esixidas.**

Definitiva (%): 5 po 100 do prezo da adxudicación, sen IVE

**5. Requisitos específicos do contratista:**

a) Solvencia económica e financeira e solvencia técnica e profesional. Segundo pregos de cláusulas administrativas.

**6. Presentación de ofertas ou de solicitudes de participación:**

a) Data límite de presentación. **26 días naturais** dende a data de publicación no BOP de Lugo.

b) Modalidade de presentación. As previstas no art. 16 da lei 39/2015 de 2 de outubro de procedemento administrativo das Administracións Públicas

c) Lugar de presentación:

1. Dependencia. EXCMO CONCELLO DE RIBADEO
2. Domicilio. Praza de España, 1
3. Localidade e código postal: Ribadeo 27700
4. Enderezo electrónico: contratacion@ribadeo.org.

**7. Apertura de ofertas:**

A partir do 2º día hábil tras do remate do prazo de presentación das proposicións.

Ribadeo, a 22 de febreiro de 2017.- O ALCALDE, FERNANDO SUÁREZ BARCIA

R. 0556

---

*Anuncio*

**RESOLUCIÓN DA ALCALDIA-PRESIDENCIA.-**

Visto expediente instruído para provisión dun posto de Axente TIC con carácter de funcionario interino para desenvolvemento dun Programa de carácter temporal.

Resultando, que por resolución da Alcaldía de 5 de decembro de 2016 se prestou aprobación á lista provisional de admitidos e excluídos, que foi exposta no tablón de anuncios do Concello e máis na web municipal: [www.ribadeo.gal](http://www.ribadeo.gal) así como no Boletín Oficial da Provincia de Lugo de data 21/12/2016 sen que se formularon alegacións.

Resultando que se recibiron, con posterioridade á data da resolución provisional de admitidos e excluídos, solicitudes formuladas por D<sup>a</sup> Marta Díaz Seoane e dona José Antonio Sanjorge Limeres, que constan presentadas, dentro do prazo regulamentario, noutros rexistros.

Resultando, que examinada a documentación aportada por estas últimas solicitudes para tomar parte no proceso selectivo cumpren as condicións de admisión.

Visto canto antecede, esta Alcaldía de conformidade co disposto nas bases para o proceso selectivo de referencia, Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e demais normativa de pertinente aplicación,

**RESOLVE**

1º. Elevar a definitiva a lista de admitidos e excluídos a que se refire a resolución da Alcaldía citada de data 5 de decembro de 2016 incluíndo ademais na lista definitiva, como admitidos, a dona Marta Díaz Seoane e don José Antonio Sanjorge Limeres.

2º. Fixar a composición do órgano de selección que quedará composto do seguinte xeito:

**Presidente:**

Titular Dona Mónica Barcia Paredes, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Ribadeo.

Suplente: D<sup>a</sup> Verónica Fernández Pérez, Encargada da OMX do Concello de Ribadeo.

**Vogais:**

Titular: D. Luis R. Vázquez Parga, Interventor municipal do Concello de Ribadeo.

Suplente: D. José Vázquez Cupeiro, Administrativo do Concello de Ribadeo.



Titular: D.Rafael Otero Otero, Analista-Programador do Concello de Lugo.

Suplente: D. Angel Victor Gómez Cereijo, Analista-Programador do Concello de Lugo

Titular: D.Nicolás Fariñas Verea, Técnico Superior Informático no Servizo de Tecnoloxías da Deputación Provincial de Lugo.

Suplente: D.Luis García Parda, Xefe da Sección de Informática no Servizo de Xestión Tributaria e Recadación da Deputación Provincial de Lugo.

**Secretario con voz e sen voto:**

Titular: D.José A.Carro Asorey, Secretario Xeral en acumulación deste Concello de Ribadeo.

Suplente: D.José Rodil Veiga, Técnico de Administración Xeral, Secretario en funcións do Concello de Ribadeo.

Os membros do Tribunal están suxeitos ao réxime de recusación previsto na vixente Lei 39/2015, de 1 de outubro d Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

3º.- Fixar como data e hora para o inicio do proceso selectivo e comezo do primeiro exercicio o próximo día **27 de marzo de 2017 a partir das 11,00 horas na Casa do Concello de Ribadeo. O Organo de selección constituirase a partir das 10,45 horas.**

4º. Publicar anuncio con esta Resolución no taboleiro de anuncios do Concello, sede electrónica da web municipal [www.ribadeo.gal](http://www.ribadeo.gal) e BOP de Lugo aos efectos legais procedentes.

Mandao e asinao o Sr.Alcalde, en Ribadeo a 22 de febreiro de 2017 do que eu Secretario dou fe.

O ALCALDE, FERNANDO SUÁREZ BARCIA. O SECRETARIO XERAL, JOSÉ A, CARRO ASOREY

R. 0557

---

## TRIACASTELA

### *Anuncio*

#### **BASES PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 3 PEÓNS EN RÉXIME DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL A XORNADA PARCIAL AO ABEIRO DO PROGRAMA DEPUEMPREGO.**

##### **BASES**

##### **1.- NORMAS XERAIS**

A selección rexerese polo previsto nestas bases; Real Decreto Lexislativo 5/2015, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do emprego público, Lei 2/2015, do emprego público de Galicia; Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local; Lei 5/97, de administración local de Galicia; Real Decreto lexislativo 781/86, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; Real Decreto 896/1981, de 7 de xuño; Real Decreto 364/95; Real Decreto Lexislativo 1/1995, de 24 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e Convenio de colaboración subscrito entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Triacastela para a execución de obras e servizos diversos e creación de Emprego ao abeiro do "Programa DEPUEMPREGO"

##### **2.- CARACTERÍSTICAS DO POSTO DE TRABALLO**

O cometido funcional deste posto de traballo consistirá na realización de tarefas propias de peóns de obras públicas que lle sexan encomendadas polo persoal responsable dos servizos municipais correspondentes do Concello de Triacastela e, en concreto, de conformidade coa memoria descritiva das necesidades de contratación para satisfacer os servizos e financiar ao abeiro do Convenio de Colaboración para o programa "Depuemprego", o Concello vai realizar a contratación de 3 peóns para o desenvolvemento das seguintes actuacións e servizos, todos eles incluídos dentro do marco das competencias propias do concello, de acordo co disposto ao respecto no art. 25 LBRL:

- i. Traballos en materia de protección do Patrimonio histórico municipal.
- ii. Traballos en materia de medio ambiente urbano, en particular, parques e xardíns públicos.
- iii. Traballos en materia de mantemento e conservación de infraestruturas viaria e outros equipamentos de titularidade municipal.
- iv. Traballos en materia de protección da salubridade pública.

### 3.- DURACIÓN DO CONTRATO

Os contratos de traballo, de sete meses de duración, asinarase baixo a modalidade de contrato de traballo de obra ou servizo, a xornada parcial de 30 horas semanais, con data prevista de inicio a 1 de abril de 2017 e data fin o 30 de outubro de 2017.

En caso de vacante do posto por renuncia, baixa ou calquera outro motivo contratarase, por orde de puntuación, o/a candidato/a que se presentara á convocatoria e que non resultase seleccionado/a.

### 4.- RETRIBUCIÓNS

Fíxase unha retribución bruta de mil trescentos trinta e tres euros con vintecinco céntimos (1.333,25€), de acordo cos custes salariais vixentes no "Convenio de Edificacións e Obras Públicas da provincia de Lugo", publicado no BOP nº 132, de 11/06/2015.

### 5.- REQUISITOS DOS CANDIDATOS

A) Requisitos común a todos os aspirantes:

a) Ter nacionalidade española ou atoparse comprendido no eido de aplicación do artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas do emprego ao que se aspira, non padecendo enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das súas funcións. A persoa que resulte seleccionada aportará antes da sinatura do contrato certificación médica ou equivalente, acreditativa de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das correspondentes funcións (a non presentación conlevará a perda do posto).

No caso de que se teña condición de discapacitado/a, a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación. Os/as aspirantes con discapacidade, farán constar na súa instancia se precisan adaptación para as probas.

c) Ter cumpridos dezaoto anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que houber estado separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) Non estar incurso nos supostos de incompatibilidades previstas na lexislación vixente.

f) Ser desempregado/a e estar inscrito/a nas oficinas de emprego da provincia de Lugo, acreditándose esta situación coa presentación da tarxeta de demanda actualizada ou mediante certificado expedido polo Director/a da Oficina do Servizo Público de Emprego da localidade onde estea inscrito.

g) Estar en posesión de carnet de conducir B e dispoñibilidade de vehículo ou compromiso de posibilidade de desprazarse ao centro de traballo.

### 6.- TRAMITACIÓN

1.- O concello de Triacastela facilitará a Deputación de Lugo, 10 días antes do inicio do procedemento de selección, unha copia das presentes bases e da convocatoria do proceso para dar publicidade na páxina web institucional, así como de calquera outra documentación relacionada co mesmo, en aplicación da cláusula quinta do Convenio de Colaboración suscrito entre a Excm. Deputación de Lugo e o Concello de Triacastela para a execución de obras e servizos diversos e creación de Emprego ao abeiro do "Programa DEPUEMPREGO".

2.- A presente convocatoria así como as bases serán publicadas no BOP da provincia de Lugo e no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello.

3.- Na súa formulación, a oferta non poderá conter elementos que poidan servir de base para calquera tipo de discriminación que non responda aos criterios preferencias establecidos no Convenio de Colaboración para o programa "Depuemprego" asinado coa Deputación Provincial de Lugo, en virtude do cal se realizarán as contratacións.

4.- A valoración da fase de concurso-oposición será na Casa do Concello de Triacastela.

5.- O Concello procederá á contratación das persoas baixo a modalidade de obra ou servizo determinado.

7.- O resultado da selección será publicado no taboleiro de Anuncios da Casa do Concello de Triacastela.

## 7.- SOLICITUDES

1.- Os/as interesados/as en formar parte deste proceso selectivo, presentarán a súa instancia no modelo que aparece no Anexo I das presentes bases facendo constar que reúnen todos os requisitos sinalados nestas bases e dirixiranse á Sra. Alcaldesa do Concello de Triacastela.

Presentaranse debidamente cubertas, no Rexistro Xeral do concello no prazo de tres (3) días hábiles, contados a partir do seguinte ao do anuncio da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Se o prazo finalizara en día inhábil entenderase que o prazo remata o primeiro día hábil seguinte.

Os sucesivos anuncios en relación con este proceso publicaranse no taboleiro de anuncios da Casa do Concello de Triacastela.

A presentación de instancias poderá facerse no Rexistro Xeral do Concello de Triacastela ou en calquera das formas establecidas no artigo 38 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, (LRXAP e PAC). As solicitudes que se entreguen en rexistro distinto ao do Concello de Triacastela deberán adiantarse por fax ou correo electrónico copia da instancia dentro do prazo de presentación de instancias. No caso de que se presenten na oficina de correos deberán presentarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo funcionario/a de correos antes de ser certificada, e adiantarase igualmente por fax.

2.- Ás instancias debidamente cubertas, achegaranse os documentos que a continuación se indican e de acordo coa seguinte orde:

- Fotocopia compulsada do DNI ou pasaporte. Ademais, os aspirantes estranxeiros deberán presentar documento que acredite que é nacional da Unión Europea ou dalgún Estado ao cal en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

- Declaración xurada de que manifesten que reúnen todos e cada un dos requisitos xerais esixidos na convocatoria (inclúese no modelo de instancia).

- Fotocopia compulsada dos títulos de formación ou certificados que a acrediten.

- Fotocopia compulsada do carné de conducir.

- Fotocopia compulsada dos méritos alegados.

3.- Os erros de feito que puideran advertirse poderán ser emendados en calquera intre, de oficio ou a petición do interesado, dentro do prazo de presentación de solicitudes.

4.- Os/as aspirantes quedan vinculados aos datos que fagan constar nas súas solicitudes, podendo demandar a súa modificación mediante escrito motivado, dentro do prazo establecido nesta base para a presentación de solicitudes, transcorrido o cal non se admitirá ningunha petición desta natureza.

## 8.- TRIBUNAL DE VALORACIÓN

O Tribunal de Valoración estará constituído polas seguintes persoas:

**PRESIDENTE:**

Titular e suplente correspondentes. Un funcionario ou persoal laboral do concello de Triacastela de categoría ou escala igual ou superior á praza que se convoca.

**VOGAIS:**

Dous funcionarios ou persoal laboral do Concello de Triacastela e un funcionario ou persoal laboral do concello de As Nogais de categoría ou escala igual ou superior á praza que se convoca e os seus suplentes correspondentes.

**SECRETARIO:**

A Secretaria do Concello de Triacastela e como suplente da mesma un funcionario de categoría igual ou superior ao posto que se convoca. Actuará con voz e sen voto.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir cando concorran algunha das circunstancias previstas no art. 28 da Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro. Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran algunha das causas do artigo 28 da citada Lei, tal e como dispón o art. 29 da Lei 30/1992 de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

O Tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a valoración dos méritos.

## 9.- SISTEMA DE SELECCIÓN

Mediante concurso de méritos e segundo o disposto no apartado décimo das presentes bases entre os candidatos/as que presenten no Concello a súa solicitude para participar na convocatoria no prazo de tres (3) días hábiles desde a publicación do anuncio da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Para a valoración dos méritos e documentación presentada formarase unha Comisión de Valoración formada por un presidente, un secretario e tres vogais de conformidade co artigo 60 do Estatuto Básico do Empregado Público que serán nomeados por Resolución da Alcaldía que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello con suficiente antelación.

A devandita Comisión elevará acta coa valoración, asinada polos cinco membros da Comisión, á Sra. Alcadesa ós efectos de que proceda á contratación das persoas que obteña unha maior puntuación en cada posto ofertado segundo a acta.

## 10.- CRITERIOS DE SELECCIÓN DOS TRABALLADORES/AS

Farase de conformidade cos seguintes criterios e puntuacións:

### FASE OPOSICIÓN (2,5 PUNTOS)

Proba escrita sobre coñecemento do Concello, e tarefas do posto a seleccionar 2,5 puntos.

### FASE CONCURSO (1,5 PUNTOS)

a) Experiencia profesional: Puntuarase ata un máximo de 0,5 puntos, consonte a seguinte escala:

- Experiencia acreditada polo desenvolvemento de traballos relacionados cos da praza que se convoca ou de categoría superior, realizados en calquera Administración Pública ou empresa privada (0.25 puntos/ano de servizo), non se computarán servizos inferiores a un mes.

No suposto de que a xornada de traballo non sexa do 100 %, entón a puntuación por este concepto reducirase en proporción ás horas traballadas.

Para a xustificación deste apartado, os/as aspirantes deberán presentar documentación acreditativa dos servizos prestados, ben sexa a través de contrato de traballo, de certificado ou de calquera outro documento con forza probatoria en que se perciba claramente a duración do contrato, traballo desempeñado e xornada; en caso de xustificarse os servizos prestados con contrato de traballo.

b) Cursos de formación complementaria ata un máximo de 0,5 puntos.

- Por cada curso de duración inferior a 10 horas lectivas: 0,10 ptos/curso.
- Por cada curso de duración de 10 a 40 horas lectivas: 0.15 ptos/curso.
- Por cada curso de duración de máis de 41 horas lectivas: 0.25 ptos/curso.

d) Por ser muller: 0.20 puntos

e) Por ser maior de 45 anos: 0.10 puntos

f) Persoas con discapacidade: 0.05 puntos

g) Parados de longa duración: 0.10 puntos

h) Persoas vítimas de violencia de xenero: 0.05 puntos

Non se valorarán os méritos que non estean debidamente acreditados, que se presenten fora de prazo establecido nas presentes bases ou os que non se acrediten con documentación orixinal ou fotocopias debidamente autenticadas.

## 11.- CONTRATACIÓN

1.- A resolución pola que se establezan os candidatos/as seleccionados/as segundo a puntuación dos méritos que se efectúe publicarase no Taboleiro de Anuncios do Concello.

2.- Os/as candidatos/as seleccionados/as deberán de presentar nas oficinas do Concello, para os efectos de formaliza-lo correspondente contrato a documentación que de seguido se indica en orixinal ou fotocopia debidamente autenticada:

- Documento Nacional de Identidade e cartilla da seguridade social.
- Declaración de non estar incurso en causa de incompatibilidade ou incapacidade para contratar co Concello e de cumprir tódolos requisitos esixidos pola lexislación vixente en materia de contratación laboral.
- Certificado médico de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desenvolvemento das tarefas inherentes ao posto ofertado.
- IBAN da conta bancaria da súa titularidade onde ingresar as correspondentes nóminas.

Caso de que a persoa seleccionada non presente a documentación no devandito prazo ou non se formalizara o contrato por causas imputables a ela, contratarase a algún dos restantes candidatos por orde de puntuación.

#### **12.- PERIODO DE PROBA**

Establécese un período de proba de quince (15) días dende a data de inicio da contratación.

#### **13.- INCIDENCIAS**

A presente convocatoria, as súas bases, e tódolos actos administrativos que se deriven, poderán ser impugnados polos interesados nos casos, termos e formas previstas na Lei 30/1992 do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e Lei 7/1985 do 02 de abril reguladora das Bases de Réxime Local.

Contra a Resolución do Alcalde que aproba a convocatoria e bases, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Sra. Alcaldesa no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á aprobación das presentes bases, ou directamente recurso contencioso - administrativo ante o Xulgado Provincial do Contencioso - Administrativo no prazo de dous meses a partir do día seguinte á aprobación das presentes bases ou ó da recepción da notificación da resolución do recurso administrativo de reposición, se é expresa, ou seis meses a partir do día seguinte a aquel no que se produza o acto presunto.

Se se interpón recurso de reposición non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente aquel ou se produza a desestimación presunta do devandito recurso.

Tamén poderase interpor calquera outro recurso ou acción que se estime procedente.

Triacastela, 13 de febreiro de 2017.- A alcaldesa, M. Olga Iglesias Fontal.

**ANEXO I****INSTANCIA DE SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN EN PROCESO SELECTIVO****1.- POSTO DE TRABALLO AO QUE ASPIRA:** Peón , ao abeiro do “Programa DEPUEMPREGO”**2.- DATOS PERSOAIS:**

APELIDOS E NOME:

DNI ó NIF:

DATA DE NACEMENTO:

ENDEREZO:

C.P:

MUNICIPIO:

PROVINCIA:

TFNO:

E-MAIL:

**3.- DISCAPACIDADE** Non Si (Grao .....%)**4.- DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA**

a.- Fotocopia do DNI

b.- Fotocopia de todos os documentos xustificativos de cumprir cos requisitos de admisión e dos méritos que se aleguen.

O/ a abaixo asinante solicita ser admitido/ ao concurso ao que se refire a presente instancia e declara que son certos todos os datos obrantes nela e que e reúne as condicións esixidas nas Bases da devandita convocatoria que declara coñecer, comprometéndose a probar documentalmente todos os datos que figuren nesta solicitude.

En ....., a ..... de ..... de .....

(SINATURA)

**SRA. ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE TRIACASTELA**

Conforme ao disposto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de forma confidencial. Poderán ser incorporados ós ficheiros do Concello de Triacastela relacionados con este trámite, coa finalidade de utilizalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia o interesado con esta solicitude. En calqueira momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicandoo mediante escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.

**ANEXO II****MODELO DE DECLARACIÓN XURADA**

D./Dña. ...., con DNI ....., en relación coa oferta de emprego do Concello de Triacastela de PEÓN, ao abeiro do "Programa DEPUEMPREGO".

DECLARO BAIXO XURAMENTO:

- 1.- Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado por sentenza firme para o exercicio das funcións públicas.
- 2.- Non estar incurso/a en ningunha das causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.
- 3.- Non incorrer en ningún dos supostos de incompatibilidade establecidos na lexislación sobre a materia.
- 4.- Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes ao posto de traballo ao que opto.

En ....., a ..... de ..... de .....

(SINATURA)

R. 0532

---

**VILALBA***Anuncio*

En este Ayuntamiento se tramitan expedientes nº3801 y 3802/2016 de **Baja en el Padrón Municipal de Habitantes de las siguientes personas:**

**ERICKA CASTILLO REYES Y VICTOR MANUEL CASTILLO PATRAN**

Con último domicilio conocido en este municipio .

Intentada la notificación de la incoación de los expedientes citados, no pudiendo efectuarse por no localizar a los interesados.

En cumplimiento de lo dispuesto en la Resolución de 9 de Abril de 1997, por la que se dictan instrucciones técnicas a los Ayuntamientos sobre la gestión del Padrón Municipal y en el artículo 41 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, se le notifica que deberá manifestar si está o no conforme con la baja en el Padrón de Habitantes, en un plazo de diez días, contados a partir de la publicación de este Edicto en el Boletín Oficial de la Provincia. En el caso de no estar de acuerdo podrá presentar los documentos y justificaciones que estime pertinentes al objeto de acreditar que esta en este municipio.

Vilalba, 21 de febrero de 2017.- EL ALCALDE, AGUSTIN BAAMONDE DIAZ.

R. 0533

---

**VIVEIRO***Anuncio***CORRECCIÓN DE ERROS**

No Boletín Oficial da Provincia número 024 do día 30 de xaneiro de 2017, publicouse o texto íntegro da Ordenanza de Administración Electrónica do Concello de Viveiro, advertíndose un erro na transcripción do apartado 1 do artigo 7 na páxina 7, de xeito que, onde di:

*1.O acceso a todos os servizos contemplados nesta Administración Municipal realizarase a través da sede electrónica titularidade do Concello de Viveiro que queda establecida no enderezo electrónico [www.concellodeviveiro.es](http://www.concellodeviveiro.es).*

Debe decir:

*1.O acceso a todos os servizos contemplados nesta Administración Municipal realizarase a través da sede electrónica titularidade do Concello de Viveiro que queda establecida no enderezo electrónico [viveiro.sedelectronica.es](http://viveiro.sedelectronica.es).*

En Viveiro, 17 de febrero de 2017.- A Alcaldesa, María Loureiro García

R. 0534

---